IES URBANO LUGRIS F.C.T.

PROGRAMACIÓN DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

CURSO 2022/2023

COORDINADORA: Marta Armesto Fernández

INDICE:

1. PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (FCT)
2. OBXECTIVOS
3. FASES NO DESENVOLVEMENTO DA FCT
4. PROGRAMA FORMATIVO
5. PERIODOS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA FCT
6. TITORES/AS DE CICLOS PARA O PRESENTE CURSO
7. AVALIACIÓN DA FCT
8. SEGUIMENTO DA FCT
9. COORDINACIÓN DA FCT
10. FCT NO EXTRANXEIRO
11. BOLSA DE TRABALLO

1. PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (FCT)

O módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) consiste nun programa formativo, con actividades formativo produtivas que o alumnado terá que cursar con carácter obrigatorio para a obtención do título profesional.

Desenvólvese nun ámbito produtivo real, onde o alumno poderá observar e desempeñar as funcións propias das distintas ocupacións relativas á súa profesión, así como coñecer a organización dos procesos produtivos ou de servizos e as relacións sociolaborais na empresa ou centro de traballo, orientados e asesorados en todo momento polos responsables do seguimento e avaliación das súas actividades.

Realízase unha vez cursados os módulos correspondentes ó centro educativo e organízase en xornadas laborais completas, procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centro educativo, constituíndo a última fase da súa formación.

A coordinación da FCT, leva como consecuencia unha serie de actuacións que se interrelacionan entre os entes e individuos que participan nas mesmas: CENTRO DE FORMACIÓN, CENTRO DE TRABALLO, ADMINISTRACIÓN E ALUMNOS, engadindo ademais a relación posterior que se establece co mundo laboral e dende os Centros Educativos debe favorecer a inserción profesional dos nosos alumnos.

2. OBXECTIVOS

- Aplicar o aprendido no centro educativo, evidenciando as competencias adquiridas en procesos produtivos concretos e en situacións laborais reais.
- Coñecer e comprender o que é realmente a organización sociolaboral dun centro de traballo ou empresa adquirindo coñecementos da organización produtiva do seu perfil profesional e do sistema de relacións sociolaborais do centro de traballo, que facilitarán a súa futura inserción laboral.
- Avaliar a adecuación da formación impartida nos centros educativos os requirimentos do sistema produtivo.
- Completar a adquisición polos alumnos da competencia profesional conseguida no centro educativo, mediante a realización dun conxunto de actividades de formación previamente identificadas e delimitadas entre as actividades produtivas do centro de traballo.
- Contribuír a consecución doutros obxectivos como a adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para traballar en condicións de seguridade e o logro dunha identidade e madurez profesionais que motiven para futuras aprendizaxes.
- Avaliar os aspectos máis relevantes da competencia profesional adquirida polo alumno.

3. FASES NO DESENVOLVEMENTO DA FCT

- Identificación e selección de empresas colaboradoras.
- Subscrición do convenio cos centros colaboradores que será asinado polo director do centro educativo e o representante legal da empresa colaboradora. Estes

convenios afectan a tódolos alumnos do centro e formalizarase por escrito no modelo **Anexo I que contará coa relación nominal de alumnos en prácticas.**

- Asignación de alumnos ás empresa: o titor, coa colaboración do equipo docente do ciclo, asignará a cada alumno á empresa na que vai realizar a FCT, tendo en conta os perfís profesionais solicitados pola empresa así como as capacidades dos alumnos e procurando que tódolos alumnos realicen a FCT no calendario establecido e cumprindo exactamente o horario da empresa.
- A xestión dos documentos relativos ó desenvolvemento da FCT realizarase mediante a utilización da aplicación informática Xade/FCT.
- Realización da FCT, cunha xornada formativa similar á dos outros traballadores da empresa.
- Avaliación individual da FCT do alumno. Realizada polo titor/a do centro formativo coa colaboración do titor/a da empresa. O titor/a do centro emitirá un informe no que figurará o grao de consecución dos obxectivos previstos no programa formativo.

4. PROGRAMA FORMATIVO

No programa formativo inclúese o conxunto de actividades formativas e produtivas, ordenadas no tempo e no espazo, que debe realizar un alumno no centro de traballo e estarán inspiradas polas unidades de competencia do perfil do título.

Os programas formativos definidos nesta programación para os distintos ciclos que se imparten neste centro, adaptaranse ás empresas concretas, labor que corresponden os titores/as do centro educativo e do centro de traballo.

5. PERIODOS DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DA FCT

Como norma xeral, o módulo de FCT será realizado ó final de cada ciclo formativo, unha vez superada a formación cursada no centro educativo, nun só período e de forma ininterrompida.

Segundo recóllese na Orde do 28 de febreiro de 2007 os períodos de realización de prácticas serán:

- Período ordinario abril - xuño
- Períodos extraordinarios
    - Setembro - decembro
    - Xaneiro - marzo

A matrícula para realizar a FCT en período extraordinario realizarase no mes inmediatamente anterior do comezo de dito período.

O número de horas do módulo ven determinado no programa oficial de cada ciclo formativo e están incluídas as destinadas ás xornadas na que os alumnos deben acudir ó centro educativo para as accións titoriais do profesor titor.

O alumnado da FP dual no réxime de persoas adultas realizará o período de prácticas nas datas establecidas no convenio asinado coa empresa.

O alumnado da FP dual ordinaria comezará as prácticas no mes de xaneiro e a programación temporal quedará recollida no acordo de formación asinado coa empresa.

CICLOS DE GRADO SUPERIOR ORDINARIO:

- CSELE01: SISTEMAS ELECTROTÉCNICOS E AUTOMATIZADOS.
- CSELE02: SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓNS E INFORMÁTICOS.
- CSELE03: AUTOMATIZACIÓN E ROBÓTICA INDUSTRIAL.
- CSELE04: MANTEMENTO ELECTRÓNICO

Dous cursos escolares (6 trimestres) incluida a FCT. Total horas FCT por ciclo: **384 HORAS.**

CENTROEDUCATIVO					EMPRESA
1º	**2º**	**3º**	**4º**	**5º**	**FCT**
Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec	Xan-mar	Abril-xuño
Primeiro curso			Segundo curso		

Período extraordinario da FCT:
- Enero-marzo
- Setembro-decembro

CICLOS DE GRADO MEDIO ORDINARIO:

- CMELE02: INTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS
- CMIMA03: MANTEMENTO ELECTROMECÁNICO

Dous cursos escolares (6 trimestres) incluida FCT. Total de horas FCT por ciclo**: 410 HORAS**

CENTROEDUCATIVO					EMPRESA
1º	**2º**	**3º**	**4º**	**5º**	**FCT**
Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec	Xan-mar	Abril-xuño
Primeiro curso			Segundo curso		

Período extraordinario da FCT:
- Enero-marzo
- Setembro-decembro

CICLOS DE GRADO MEDIO MODULAR ADULTOS:

- ZMELE02: INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS

Tres cursos escolares (9 trimestres) máis a FCT. Total horas FCT por ciclo **410 HORAS**

CENTROEDUCATIVO									EMPRESA
1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	FCT
Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec	Xan-mar	Abril-xuño	Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec
Primeiro curso			Segundo curso			Terceiro curso			Cuarto curso

Período extraordinario da FCT:

- Enero-marzo
- Abril- xuño

CICLOS DE GRADO SUPERIOR MODULAR ADULTOS:

- ZSELE04: MANTEMENTO ELECTRONICO

Tres cursos escolares (9 trimestres) máis a FCT. Total horas FCT por ciclo **410 HORAS**

CENTROEDUCATIVO									EMPRESA
1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	FCT
Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec	Xan-mar	Abril-xuño	Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec
Primeiro curso			Segundo curso			Terceiro curso			Cuarto curso

Período extraordinario da FCT:

- Enero-marzo
- Abril- xuño

FORMACION PROFESIONAL BÁSICA:

- BELE01 ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA.
- BIFC12 INFORMÁTICA DE OFICINA.

Dous cursos escolares (6 trimestres) incluida a FCT. Total horas de FCT por ciclo**: 320 HORAS**

CENTROEDUCATIVO					EMPRESA
1º	**2º**	**3º**	**4º**	**5º**	**FCT**
Set-dec	Xan-marzo	Abril-xuño	Set-dec	Xan-mar	Abril-xuño
Primeiro curso			Segundo curso		

Período extraordinario da FCT:

- Enero-marzo
- Setembro-decembro

6. TITORES/AS DE CICLOS PARA O PRESENTE CURSO

- CSELE01: SISTEMAS ELECTROTECNICOS E AUTOMATIZADOS.
  José Luis Campo Varela.
- CSELE02: SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓNS E INFORMATICOS.
  Marta Armesto Fernández (grupo A).
  Daniel Rios Suárez (grupo B y C).
- CSELE03: AUTOMATIZACIÓN E ROBÓTICA INDUSTRIAL.
  Santiago Ruiz Pérez
- CSELE04: MANTEMENTO ELECTRÓNICO.
  Francisco Javier Trashorras Nogueira
- CMELE02: INTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS.
  Alfonso Iglesias Nuño.
- CMIMA03: MANTEMENTO ELECTROMECÁNICO.
  José Luis Moreira López.
- ZMELE02: INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIONS MODULAR ADULTO.
  Antonio Díaz Álvarez.
- ZSELE04: MANTEMENTO ELECTRÓNICO MODULAR ADULTO.
  Javier Lendoiro Miramontes
- BELE01 ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA.
  Juan Carlos Calvo Teijeiro
- BIFC12 INFORMÁTICA DE OFICINA.
  María José Mosquera García
- ZMIMA03: MANTEMENTO ELECTROMECÁNICO DUAL GRUPO COMPLETO.
  Francisco Carneiro Varela
- ZMELE01: INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS DUAL GRUPO COMPLETO.
  Beatriz Requejo Fasero

7. AVALIACIÓN DA FCT

A avaliación da FCT será continua, é dicir, realizarase durante todo o proceso formativo. Na avaliación colaborará a persoa responsable designada por cada centro de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estadía nel. Esta colaboración expresarase mediante un informe valorativo do responsable do centro de

traballo apoiado polo titor do centro para o seguimento e avaliación da FCT empregaranse:

- Plan individualizado de F.C.T.
- A Folla de actividades do alumno/a.
- As visitas do titor/a ó centro de traballo: presentación, seguimento e avaliación. As visitas do alumno/a ó centro escolar, unha cada 15 días.

O titor ou titora entregará a cada alumno/a, ó comezo da FCT, o caderno do alumno/a para a FCT e o programa formativo acordado coa empresa. Cada alumno/a reflectirá no seu caderno as tarefas que desenvolve na empresa, destacando, se é o caso, as dificultades que atopou na realización da actividade e as circunstancias que as motivaron. Este caderno será supervisado e asinado polo profesor/a titor/a e o titor/a do centro produtivo.

8. SEGUIMENTO DA FCT

A coordinadora da FCT, en colaboración co titor ou titora do ciclo formativo, elaborará un plan de seguimento do módulo incluíndo o plan de visitas e captación de novas empresas.

Reservarase unha xornada cada quincena para a recepción do alumnado no centro por parte do titor ou titora, realizando actividades de seguimento de FCT.

O titor ou titora do ciclo formativo levará a cabo o calendario de visitas previstas ó centro de traballo para os efectos de manter entrevistas co responsable do centro produtivo, observar directamente as actividades que o alumnado realiza nel e rexistrar o seu propio seguimento.

Sinalar que debido á variedade de empresas colaboradoras, a que en moitos casos o traballo realízase en instalacións fora do domicilio de traballo e que, noutras ocasión as empresas ven alterado o seu ritmo de traballo debido a visita do titores... se convinará as visitas ao centro de traballo co seguimento por medios telemáticos (email, teléfono, videoconferencia...) sempre que o estimen oportuno por ámbalas dúas partes.

O titor realizará a lo menos dous contactos coa empresa o longo da permanencia do alumno na mesma, ademais das visitas previas de contacto necesarias. Así mesmo especificará dous días para a atención do alumno no Centro.

Compensarase os gastos ocasionados ós profesores encargados do seguimento da formación en centros de traballo recollidos do calendario de visitas dos titores ANEXO V debidamente cumprimentado.

9. COORDINACIÓN DA FCT

A coordinadora da FCT será a encargada da súa xestión nas seguintes actuacións:

a) Captación de Empresas e Elaboración de convenios

Coa finalidade de dar a coñecer as condicións de colaboración co centro por parte das empresas, creouse unha páxina web. Na devandita web enlazásense os formularios telemáticos para que as empresas soliciten alumnos en prácticas e trasladen as ofertas de emprego. Así mesmo na páxina se comunicarán as novas de interese para as empresas e para os alumnos. Este ano manteremos a información actualizada e recolleremos as melloras necesarias para unha xestión máis eficaz.

Do mesmo xeito manterase a conta de twitter para a comunicación e divulgación de tódolos temas relacionados coa coordinación da FCT e FP en xeral (**@FpUrbanoLugris**). Manterase actualizada tamén a conta de Instagram **(@FpUrbanoLugrisCoruna)** e de Facebook **(@FpUrbanoLugris)**.

@FpUrbanoLugrisCoruna

@FpUrbanoLugris

@FpUrbanoLugris
@IESUrbanoLugris

ies.urbano.lugris@edu.xunta.es

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

Os contactos coas empresas teñen dous aspectos claramente diferenciados:

- Visitas concertadas con empresas de interese dentro do entorno.Realizarase un primeiro contacto telefónico para solicitar unha entrevista coa persoa responsable da empresa, durante a que se lle explicará o que representan os módulos de FCT e a posible participación da súa empresa nos mesmos, intentando captar o seu interese pola participación na formación dun posible futuro traballador.
- A empresa contacta co centro persoal ou telefónicamente. Unha vez aclarados os aspectos legais e documentais, procederase a elaborar o convenio.

b) Reunións informativas cos titores

Levarase a cabo reunións periódicas cos titores/as do centro, nas que se tratarán cuestións referentes ó seguimento da FCT:

- Información sobre a normativa vixente e prazos.
- Aspectos referentes a documentación.
- Seguimento do plan de visitas.
- Parte de incidencias: Baixas. Cambios de empresa. Disciplina. Accidentes. A comunicación destes eventos á coordinadora da FCT será o máis inmediata posible, de cara a exercer as medidas oportunas estipuladas en cada caso.

c) Reunión informativa cos alumnos

Antes de incorporarse ás empresas, a coordinadora organizará dúas sesións informativas cos alumnos/ as, unha para ciclos medios e superiores e outra para os alumnos/ as da formación profesional básica. Na reunión explicaráselle aos alumnos/ as os dereitos e deberes, as causas de exclusión, horarios e duración, protocolo de accidentes, documentación entregada ao alumno/a e axudas para o alumnado que realiza a FCT. Darase resposta a todas as cuestións e dúbidas expostas polo alumnado.

d) Documentación

Elaboración dos anexos correspondentes o desenvolvemento da FCT que os titores levarán as empresas para a súa firma, previa consulta coas mesmas para establecer o número de alumnos que van realizar a FCT, enviando posteriormente copia electrónica á Administración e mantendo un exemplar debidamente arquivado.

e) Xestión da documentación

- Solicitude de axudas.
- Conformidade coa axuda solicitada.
- Declaración de non recibir outra axuda.
- Número de conta bancaria a nome do alumno.
- Envío das mesmas á Consellería e arquivo no centro dunha copia.
- Introdución dos datos no programa FCT/XADE.
- Exposición informativa das axudas.
- Envío da certificación das axudas a Consellería.

f) Pagamento

O pagamento das prácticas do curso anterior será realizado por transferencia bancaria directamente dende a Consellería a conta do alumno despois da publicación da "Convocatoria das axudas económicas para o alumnado que realiza a FCT". Toda a información relativa as axudas será publicada na web FCT Urbano Lugrís e nas redes sociais. O pagamento ós titores, como compensación dos gastos ocasionados polo seguimento da FCT, realizarase en función dos quilómetros realizados nas súas visitas ás empresas.

É importante suliñar a obriga de manter arquivado no centro os duplicados da documentación enviada á Consellería e toda a documentación das axudas.

g) Certificación

O remate da FCT, realizarase a Certificación das xornadas reais efectuadas polos alumnos, contando coa información obtida a través dos titores. Dita certificación será remitida á Consellería xunto coa aceptación da axuda por parte do alumno.

h) Mantemento das redes sociais

A coordinadora da FCT encargarase de manter a web da FCT así como de facer tódalas publicacións que estime oportunas na conta de Twitter, Facebook e Instagram.

10. FCT NO EXTRANXEIRO:

Terán coma obxetivo básico o perfeccionamento profesional dos alumnos nas áreas correspondentes a súa especialidade, podendo formar parte do módulo de Formación en Centros de Traballo. Ditas estadías acolleranse ás bases da convocatoria Erasmus e dentro do Marco Europeo ERASMUS+. Na cal se especifican procedementos e axudas económicas para a execución das estadías no estranxeiro, nomeamento de titores e documentación.

Este ano contamos con:

- Proxecto de centro (4 mobilidades de profesorado de ciclo superior e 2 de alumnado)
- Consorcio da Xunta: varias mobilidades para alumnado e profesorado de ciclo medio e ciclo superior.
- Consorcio do Concello, ACOREUROPA X: concedida unha mobilidade de alumno a Portugal.

11. BOLSA DE TRABALLO:

A inserción laboral é o principal obxetivo a perseguir nos centros que imparten as ensinanzas de Ciclos Formativos, débese prestar especial atención ás demandas de traballo que xurdan dende as empresa coas que temos contacto e outras que acudan a nos en demanda de traballadores especializados nos Ciclos Formativos que impartimos, seguirase a manter coma nos cursos anteriores a **BOLSA DE TRABALLO** para os alumnos/as e exalumnos/as que rematan os Ciclos Formativos. Procurarase levar ó día, na medida do posible a base de datos elaborada para tal fin, atendendo as empresas que solicitan traballadores e poñéndoas en contacto cos alumnos.

A través dá web FCT Urbano Lugrís manteremos actualizada a bolsa de emprego e permitiranos unha xestión máis eficiente dous recursos. Sinalar que a demanda de traballadores por parte das empresas crece ano tras ano, sendo unha importante vía de inserción laboral para os alumnos/as do centro.

A Coruña a 7 de outubro do 2022

A Coordinadora de F.C.T. Vº. Pr. a Directora.

ARMESTO FERNANDEZ MARTA - 77000981V

Firmado digitalmente por ARMESTO FERNANDEZ MARTA - 77000981V
Fecha: 2022.10.07 08:46:56 +02'00'